

CONCURSO DE CARTEIS FESTAS DO S. ISIDRO LABRADOR 2020



Cartel gañador 2019



CONCELLO DE
ROIS

O Concello de Rois convoca o **CONCURSO DE CARTEIS** para seleccionar a imaxe oficial das festas patronais do S. Isidro Labrador 2020. O concurso pretende estimular a creatividade e a participación e fomentar a difusión da festa. **Estas bases modificáronse o 23 de marzo de 2020 pola ampliación do estado de alarma pola crise do coronavirus.**

PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas a partir dos 14 anos feitos antes do 31 de decembro de 2019. Cada participante poderá presentar un máximo de 2 traballos.

CONDICIÓNS XERAIS

As técnicas son libres e contribuirán a enxalzar o municipio de Rois e as súas festas patronais do S. Isidro.

O cartel deberá adoptar forma vertical, cunha superficie imprimible de 42x29.7 cm (tamaño A3) e presentarse centrado e montado sobre un cartón pluma de 44x32 cm. Nos orixinais terá que figurar, de forma moi visible e destacada pola disposición e o tamaño das letras, a inscrición en galego: FESTA DE S. ISIDRO LABRADOR 2020.

No traballo gañador incluíranse posteriormente os escudos oficiais da administración pública que no seu momento sexan achegados polos técnicos municipais, así como outra información relativa ao programa.

Deberase entregar copia dixitalizada do traballo.

Os carteis presentaranse debidamente embalados e irán acompañados dun sobre pechado que conterá, en formato papel:

- Boletín de inscrición debidamente cumprimentado: datos persoais, breve explicación da temática e da técnica do cartel e declaración xurada conforme a obra é orixinal.
- Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte.

Na parte externa da embalaxe do cartel e no sobre figurará CONCURSO DE CARTEIS. S. ISIDRO LABRADOR 2020.

Non serán admitidos a concurso aqueles traballos que inciten ou fomenten a violencia, o racismo, a xenofobia e calquera outra forma de discriminación ou que atente contra a dignidade humana.

A ausencia de datos ou a súa inexactitude poden dar lugar, no seu caso, á exclusión da participación no concurso.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As obras poderán presentarse desde o día seguinte á publicación da presente convocatoria na páxina web municipal (www.concelloderois.org) ata o **martes 14 de abril de 2020 ás 14.00 h**, presencialmente ou por correo postal a: CONCELLO DE ROIS. Concurso de carteis S. Isidro 2020. Samil 1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)

No caso de envío por correo postal, a documentación deberá conter un selo de Correos coa data de envío como xustificante de que se presentou en prazo.

Por mor da crise do coronavirus Covid-19 e do decreto de estado de alarma decretado polo Goberno do Estado, os traballos poderán enviarse por correo electrónico ao mail cultura@rois.es, remitindo 2 arquivos adxuntos. Nun figurará o traballo que se presenta a concurso en formato JPG ou JPEG nun tamaño que permita o seu envío por mail (non é preciso alta calidade) e, no outro arquivo, a ficha cos datos que figuran nas condicións xerais. Unha vez levantado o estado de alarma e para poder recibir o seu premio, o gañador ou gañadora deberá presenta o traballo orixinal segundo se especifica nas condicións xerais.

PREMIO

Outorgarase un premio único de 120,00€. O premio poderá declararse deserto polo xurado.

A persoa gañadora, que será avisada telefonicamente, terá a obriga de asinar o traballo e enviálo en formato imprimible, quedando a obra premiada en propiedade do Concello de Rois para todos os efectos, incluso para casos de reprodución e exposición, nos que se fará constar o nome do autor ou autora.

XURADO

O Concello de Rois nomeará un xurado que estará presidido polo señor alcalde ou concelleiro/a en quen delegue e por persoas relacionadas co mundo da arte e do deseño, en número non inferior a tres.

Na resolución do concurso o xurado terá en conta a calidade artística do orixinal, a idoneidade como cartel e a expresividade representativa da festa patronal.

O autor ou autora do traballo premiado convocarase coa debida antelación ao acto de entrega de premios, que se celebrará o propio día da festa do S. Isidro Labrador, o 15 de maio de 2020.

O xurado realizará unha selección das obras presentadas para unha exposición no edificio multiúsos de Rois.

DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS

Cando os carteis se entreguen en man, cada concursante recibirá un resguardo da obra que presenta a concurso, que precisará para retirala unha vez que este finalice, no caso de que non resultase premiada.

Os carteis que se reciban por correo serán devoltos ao seu autor, se así o solicita, a portes debidos. O Concello non se fai responsable das deterioracións que poidan sufrir as obras presentadas durante o tempo que estean no seu poder.

O prazo para retiralos é de dous meses a partir da resolución do premio. Transcorridos 30 días naturais a contar desde este prazo, as obras non retiradas pasarán a ser propiedade do Concello de Rois.

RESPONSABILIDADE

O Concello de Rois non se responsabiliza dos contidos dos traballos presentados, así como da perda ou deterioración das obras. Os/as concursantes responsabilizaranse totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como a renuncia a toda reclamación por dereitos de imaxe.

CONFORMIDADE

A participación neste concurso implica a plena conformidade e aceptación das bases, así como as decisións tomadas polo xurado e a súa interpretación.